

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A COMUNIDADE DO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN GRANDA ABILLEIRA E SALGUEIROS, PARA A CONSERVACIÓN DA POBOACIÓN REPRODUTORA DE MAZARICO REAL EN GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Comunidade do Monte Veciñal en Man Común Granda Abilleira e Salgueiros (NIF E27306703) representada por Pilar Mouriz Iglesias, presidenta da citada comunidade, designada na asemblea de data do 17 de xullo de 2022.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente acordo na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente segundo o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 149.1.23 da Constitución Española e co Real decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias e competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983, do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación das funcións e servizos do Estado á Comunidade





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á comunidade autónoma en materia de agricultura, pesca e conservación da natureza.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade no seu artigo 61 establece que a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, adoptarán as medidas necesarias para garantir a conservación da biodiversidade que vive en estado silvestre, atendendo preferentemente á preservación dos seus hábitats e establecendo réximes específicos de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así o requira, incluíndoas nalgunha das categorías mencionadas nos artigos 56 e 58 desta lei

En concordancia con isto, a Lei 5/2019, do 2 de agosto do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, no seu artigo 88, determina que a Administración autonómica adoptará, no seu ámbito competencial, as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia e outorgará preferencia ás medidas de conservación das especies autóctonas nos seus hábitats naturais, dando prioridade á conservación das especies ameazadas, ás especies endémicas, ás especies de fauna e flora silvestres recollidas nos anexos IV, V e VI da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e a aquelas outras cuxa área de distribución sexa moi limitada ou a súa poboación moi escasa, así como ás migratorias e finalmente, cando for necesario, considerarase a adopción de medidas adicionais de conservación fóra dos ditos hábitats.

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en adiante, CMACC) atribúelle a este órgano da administración autonómica as funcións en materia de ambiente e conservación do patrimonio natural.

SEGUNDO. Que a Comunidade do Monte Veciñal en Man Común Granda Abilleira e Salgueiros (en adiante, a CMVMC) é a propietaria do monte veciñal en man común de Granda Abilleira e Salgueiros, no concello de Castro de Rei (Lugo), segundo se recolle na ficha de clasificación do Xurado Provincial de Montes Veciñas en Man Común de Lugo, no que se atopa incluída parte da parcela con referencia catastral 27010A204000460000PZ, (Polígono 204, parcela 46, Rozas, Castro de Rei, Lugo); parcela na que dacordo cos datos





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

de seguimento realizado pola CMACC ven sendo empregada nos últimos anos como zona de nidificación e de cría de alomenos unha das tres parellas que conforman a poboación nidificante na península Ibérica.

A CMVMC de "Duarría" cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiaria.

TERCEIRO. A poboación nidificante de mazarico real (*Numenius arquatus* L.) está incluída no Catálogo español e galego de especies ameazadas na categoría de «En perigo de extinción» (Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro e Decreto 88/2007, do 19 de abril.)

A poboación nidificante actual de toda a península Ibérica, constituída por 2 parellas segundo os datos censuais do ano 2024, está restrinxida a unha parcela de landa e matogueira mesófilo, xestionada polo Ministerio de Defensa onde se sitúa o aeródromo de Rozas en Castro de Rei (Lugo), estando a poboación máis próxima en Europa no sur de Francia; poboación esta última de pequeno tamaño. Globalmente esta poboación atópase gravemente ameazada de desaparición, tanto pola propia dinámica demográfica dunha poboación illada e de pequeno tamaño, como pola incerteza acerca da conservación da zona de landa e matogueira, a estratexia de manexo de prados fundamentais para a alimentación de adultos e pitos, a mortalidade asociada a predación e labores agrícolas e o cambio climático.

Os cambios no uso do chan (destrución ou alteración do hábitat) como son a reforestación das áreas de matogueira, os cambios da estrutura da matogueira, a transformación de prados seminaturais ou a transformación de prados adxacentes ao área de nidificación en cultivos de millo é unha das principais ameazas para a recuperación da poboación reprodutora de mazarico real en Galicia.

O seguimento realizado a esta poboación reprodutora ven a confirmar que a parcela con referencia catastral 27010A204000460000PZ, (Polígono 204, parcela 46, Rozas, Castro de Rei, Lugo) propiedade en parte da CMVMC, caracterizada por contar con landa e matogueira baixa, colindante co aeródromo de Rozas e ven sendo empregada nos últimos anos como zona de nidificación e de cría de alomenos unha das dúas parellas que conforman a poboación nidificante na península Ibérica.

CUARTO. Ambas as partes son conscientes desta situación de ameaza na que se atopa esta poboación e da necesidade de adoptar medidas que axuden a asegurar o





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

mantemento e recuperación da poboación nidificante de mazarico real e coinciden en valorar positivamente este acordo de colaboración como unha estratexia de cooperación e participación da cidadanía na consecución dos obxectivos da Lei 5/2019, do 2 de agosto de conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade, como parte do deber de conservar e do dereito para gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, establecido no artigo 45.2 da Constitución.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMACC e a CMVMC establecen o presente acordo con acordo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é o de establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMACC e a CMVMC do uso da superficie de 9,3 ha da parcela con referencia catastral 27010A204000460000PZ (ver mapa anexo a este convenio) e as labores de mantemento a realizar nela e que estarán encamiñadas á conservación e mantemento dun axeitada calidade estrutural do hábitat de nidificación (landa e matogueira de baixo porte <30 cm con ausencia de estrato arbóreo) da poboación nidificante de mazarico real.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA CMVMC

A CMVMC comprométese a:

- 1º. Conservar e manter na parcela 27010A204000460000PZ unha superficie de 9,3 ha coa estrutura do hábitat de nidificación da poboación reprodutora de mazarico real: landa e matogueira de baixo porte <30 cm con ausencia de estrato arbóreo.
- 2º. Desenvolver as actuacións para o mantemento e conservación da estrutura do hábitat de nidificación na superficie da parcela anteriormente indicada, de acordo coas instrucións do persoal técnico da CMACC.
- 3º. Desenvolver todas as prácticas recollidas neste convenio consonte á normativa en materia de conservación do patrimonio natural e de prevención de incendios forestais e demais normativa sectorial de aplicación.
- 4º. Proporcionar á CMACC toda a información relativa ás actuacións desenvolvidas no marco deste convenio, coa periodicidade e de acordo cos requirimentos e modelos que se determinarán por parte do persoal técnico da CMACC e permitir o acceso á parcela





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

obxecto deste convenio para a efectiva comprobación do axeitada execución das actuacións 1º e 2º.

5º. Gardar a confidencialidade debida en relación coas actividades incluídas no presente convenio, non podendo ser difundida a información derivada das actuacións realizadas nin entregada ou cedida para uso de terceiros, sen a previa autorización expresa da CMACC.

6º. Facer constar expresamente a colaboración coa CMACC en todos os anuncios e documentos que se elaboren relacionados coas actividades deste convenio.

7º. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CMACC en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.

8º. Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

TERCEIRA. OBRIGAS DA CMACC

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

1º. Deseño e supervisión das actuacións encamiñadas, nunha superficie de 9,3 ha da parcela con referencia catastral 27010A204000460000PZ, á conservación e mantemento dun axeitada calidade estrutural do hábitat de nidificación (landa e matogueira de baixo porte <30 cm con ausencia de estrato arbóreo) da poboación nidificante de mazarico real.

2º. Financiar as actividades definidas no convenio.

CUARTA. FINANCIAMENTO

A CMACC achegará á finalidade deste convenio a cantidade de cinco mil euros (5.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541B.481.0 (código proxecto 201600362), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

QUINTA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a CMVMC na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante a CMACC a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMACC, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle á CMACC a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a CMVMC asume como beneficiaria as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a CMACC o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables, de acordo co recollido no anexo deste convenio, e se realicen durante o período de vixencia do presente convenio.

De acordo co establecido nos artigos 62 e 65.4f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para efectuar o pagamento será preciso que antes do 15 de decembro de 2025 a CMVMC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos realizados desde o 1 de xaneiro de 2025 xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

2º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

3º. Comunicar á CMACC, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.

4º. Reintegrar á CMACC , de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA. Pagamentos anticipados e pagos a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións contempladas neste convenio por un importe máximo do 80% do importe do convenio, consonte ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada, de acordo co disposto no artigo 63 do antedito decreto tendo que remitir a documentación xustificativa, establecida na cláusula anterior antes do 15 de decembro de 2025.

Non obstante o anterior, terase que acreditar que o gasto relativo á contía anticipada, foi realizado e pagado no ano 2025.

Conforme o artigo 65.4.f) e 65.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a CMVMC queda exonerada da constitución de garantía.

Así mesmo, poderá realizarse pagamentos a conta conforme ao que establece o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución da obras subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada e previa a remisión da documentación xustificativa establecida na cláusula anterior no prazo máximo 15 de decembro de 2025.

SÉTIMA. REAXUSTE DAS CANTIDADES ASIGNADAS

Os compromisos de gasto recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima, co límite da cantidade máxima





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

prevista na cláusula cuarta deste instrumento e, sempre que, non aumente o seu número de anualidades, para acompasalos ao óptimo desenvolvemento do convenio e a consecución dos obxectivos fixados, sen que esta redistribución necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio rexerase polo previsto na cláusula novena.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por dous representantes de ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións deste convenio.

Esta comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A comisión de seguimento poderá, á vista do ritmo de execución do convenio, acordar á redistribución das cantidades asignadas no anexo deste convenio "Gastos de natureza subvencionable" co obxectivo de acadar o desenvolvemento óptimo do convenio e a consecución dos seus obxectivos.

A citada comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

NOVENA. VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 e manterá a súa vixencia ata o 15 de decembro 2025.

DÉCIMA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

UNDÉCIMA. CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

a subscrición do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA. NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da CMACC cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición. En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

DÉCIMO CUARTA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMACC de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

en materia de protección de datos.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.

DÉCIMO SEXTA. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE GASTO

Este convenio tramítase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001 quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.

A conselleira de Medio Ambiente
e Cambio Climático

Ángeles Vázquez Mejuto

A presidenta da CMVMC

Pilar Mouriz Iglesias





Comunidade do Monte
Veciñal en Man Común
Granda Abilleira e
Salgueiros

ANEXO

GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE

- 1.- Traballos de desbroce para manter landa e matogueira de baixo porte <30 cm: 3.500 €
2. Traballos derivados da retirada de restos e residuos que podan alterar o bo estado de conservación de estrutura do hábitat de nidificación da poboación reprodutora de azarico real dentro da parcela: 1.000 €
3. Traballos derivados da sinalización de prohibición do tránsito de vehículos dentro da parcela e durante o período de nidificación: 500 €

